

INSTITUTO
GALEGO
DE ANÁLISE
E DOCUMENTACIÓN
INTERNACIONAL



I
GA
DI

WE 2019
in the **WORLD**

NÓS NO MUNDO

INFORME ANUAL
SOBRE A ACCIÓN EXTERIOR
DE GALICIA

A lusofonía en Galicia, entre a Lei Paz Andrade e a EGAEX



A lusofonía en Galicia, entre a Lei Paz Andrade e a EGAEX

DIRECCIÓN:
Daniel González Palau

MAQUETACIÓN E EDICIÓN ELECTRÓNICA:
PositiBos.gal

ISSN:
1989-9149



A edición deste informe contou coa
colaboración da Secretaría Xeral de Política
Lingüística da Xunta de Galicia

Os puntos de vista que se expoñen nestas colaboracións reflicten exclusivamente a opinión dos seus autores e, polo tanto, non representan o punto de vista oficial do IGADI.
The views expressed here are those of individual contributors and do not necessarily represent those of the IGADI as such.

Índice

Presentación: <i>A lusofonía, entre a Lei Paz Andrade e a EGAEX</i>	4
<i>A Lei Paz Andrade. O valor da categoría internacional</i> Por Xosé Carlos Morell	6
<i>A lusofonía na estratexia galega de acción exterior</i> Por Jesús Gamallo Aller e Valentín García Gómez	8
<i>O significado da presenza do Camões, I.P. na Galiza, num contexto de aumento da atención da Galiza a Portugal e à lusofonia</i> Por Carla Sofia Amado	11
<i>Galicia e Portugal, construíndo Europa</i> Por Antonio Fontenla Ramil	13
<i>A CIG na lusofonía</i> Por Xesús Ramón González Boán	15
<i>Encontro de mulheres da lusofonia</i> Por María Seoane Dovigo	18
<i>Novos camiños para a acción exterior</i> Por Emilia García López	20
<i>A eurorrexión (AECT) e a colaboración entre Galicia e o norte de Portugal: o programa de estadias universitarias “Iacobus”</i> Por Xosé Lago García	23
<i>Os vínculos externos da economía galega</i> Por Joam Lopes Facal	27
<i>A unión xeográfica internacional desde Galicia</i> Por Rubén C. Lois González	32
<i>As BAEX e a Casa da Lusofonía</i> Por Daniel González Palau	34
<i>As autorías</i>	37

Presentación

A lusofonía, entre a lei Paz Andrade e a EGAEX

No marco de traballo específico e histórico do IGADI, durante o 2018 vivimos o nacemento da vida real da Estratexia Galega de Acción Exterior (EGAEX) coma un hito, tralo paso polo Consello da Xunta de Galicia o 1 de febreiro tralo visto bo desde o Ministerio de Exteriores do Estado ao documento.

Un hito que no seu primeiro ano de vida arrastrou todos os problemas estruturais que se detectaran nos últimos anos (véxanse os Informes anuais do IGADI –Nós No Mundo 2016, 2017 e 2018): falta de integración das distintas dimensións da acción exterior na Xunta de Galicia, falta de plan de acción, falta de socialización entre a sociedade e os axentes máis activos na internacionalización de Galicia.... En calquera caso, a EGAEX é un marco institucional que ofrece unha ampla reflexión estratéxica sobre a importancia da nosa acción exterior, abrindo espazos, reflexións e liñas de traballo posibles.

Así as cousas a EGAEX vén a confirmar de novo que coma galegas e galegos no mundo temos vantaxes comparativas e intereses estratéxicos á hora de relacionarnos co exterior, no contexto da sociedade global, que debemos aproveitar. Esa é a misión constituínte fundamental do IGADI nos seus vinte oito anos de historia; poñer o perfil global da nosa comunidade ao servizo do seu benestar e desenvolvemento colectivo: a diáspora e a galegidade, a posición xeopolítica no Atlántico, a lingua, o mundo celta...

En liña coa nosa misión constituínte seguimos a pensar, agora máis que nunca no contexto inmediato do Xacobeo 2021, que no 2019 a idea

integral de construír unha arquitectura exterior digna, realista e ao tempo creativa especialmente no económico e cultural, aproveitando o capital relacional de facto e a identidade galega universal, é unha idea que non debe seguir agardando.

Desde esta nosa natureza constituínte decidimos centrar a nosa atención no -Nós No Mundo 2019 nas relacións de Galicia coa lusofonía, no marco do quinto aniversario da Lei Paz Andrade e neste primeiro aniversario que agora cumpre a EGAEX. Ámbolos dous marcos, pensamos, terán que desenvolver un plan de acción converxente, para que a nosa presenza internacional nese espazo intercontinental teña retornos positivos reais para a nosa sociedade.

A lusofonía en Galicia?

Desde os comezos do debate público da idea de lusofonía despois do 25 de abril e o fin das colonias portuguesas, a presenza e participación galega neste espazo internacional pódese contar coma unha constante até os noso días: desde a participación galega nas xuntanzas para o Acordo Ortográfico da lingua portuguesa, primeiro en Río de Janeiro no 1986 e despois en Lisboa no 1990, até a presenza actual do Consello da Cultura de Galicia (2016) e da Academia Galega de Lingua Portuguesa (2017), como observadores consultivos da Comunidade de Países de Lingua Oficial Portuguesa (CPLP).

A idea da lusofonía, que conta con moitos ou bastantes... opositores dentro da comunidade internacional da lingua portuguesa (ao entenderse coma unha prolongación do espírito colonial por-

tugués) en Galicia normalizouse como convención imperfecta. Primeiro, desde o impulso do movemento social reintegracionista, que desde os anos 70 anima a converxencia ortográfica do galego co portugués. E despois coa institucionalización da propia –lusofonía coa aprobación por unanimidade da *Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía*, popularmente coñecida como Lei Paz Andrade, ao ser filla da Iniciativa cidadá Paz Andrade que nacera no 2012, que despois de recoller 17.000 sinaturas foi capaz de construír un consenso non agardado no Parlamento. Así as cousas e con todos os debates posibles abertos, o espazo humano da lusofonía enténdese neste Informe coma unha comunidade humana que supera os 250 millóns de habitantes, dinámica no económico e cultural, plural e diversa, unida desde a lingua portuguesa e as súas variantes, a historia e as particularidades propias de cada quen.

Nesta edición, na que o –Nós No Mundo cumpre a súa décima edición, solicitamos a participación do informe a distintos axentes institucionais-económico-socioculturais para coñecer a valoración das potencialidades e desenvolvemento da Lei, xunto a propia ollada estratéxica para o futuro que representa tralo primeiro aniversario da EGAEX. Aínda que os actores que asinan o núcleo deste Informe arredor da lusofonía son de natureza plural: Xunta de Galicia, Instituto Camoes, Confederación de Empresarios, CIG, Academia Galega da Lingua Portuguesa, Consello da Cultura... non son todos os interesados, xa que falamos dun tema de grande relevancia para

o noso futuro, afectando a moitos campos de interese diferente. Da nosa parte non podemos deixar de significar o papel do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, que desde o seu nacemento (1997) fixo da ollada estratéxica cara os territorios de lingua portuguesa unha marca de identidade, moitos anos despois compartido polo conxunto da cooperación internacional para o desenvolvemento galego. Ademais cómpre reivindicar nesta presentación o traballo e activismo a favor do galego de entidades como A Mesa, AGAL, Asociación Galega de Tradutores e Intérpretes... Xa que sen galego vivo non hai lusofonía posible para Galicia. Pero hai moitos máis, a Universidade galega, o CEIDA, os clusters económicos, entidades socioculturais da raia como Ponte Nas Ondas...

Cómpre engadir nesta presentación que contamos tamén con algúns artigos fóra da lóxica central do Informe, mais inevitablemente asociados, como a radiografía dos nosos vínculos económicos internacionais, o novo tempo no Consello da Cultura de Galicia, o programa IACOBUS que promove a Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal, a participación de Galicia na Asociación Internacional de Xeografía, ou sobre a propia actividade do IGADI no 2018.

Só nos resta agradecer a xenerosidade e colaboración das persoas e entidades que asinan os artigos, desde unha nómina plural de visións desa Galicia global que nos permite seguir a construír ao IGADI como ferramenta de pensamento e debate plural, espazo e lugar de encontro para a sociedade galega do S.XXI.

Xosé Carlos Morell

A Lei Paz Andrade. O valor da categoria internacional

Nos intensos dias que foram da aprovação por unanimidade do Parlamento da Galiza da Iniciativa Popular Valentim Paz Andrade à aprovação, também por unanimidade da Lei 01/2014, o grupo de promotores estabelecemos uma ronda de negociações com os representantes políticos e culturais galegos, com a finalidade de conseguir um equilíbrio entre a Iniciativa original e uma Lei que aspirávamos a que mantivesse o consenso do Parlamento e das forças políticas.

Há que reconhecer o esforço e generosidade dos representantes políticos para manter o consenso, para o qual os principais riscos procediam precisamente do domínio cultural, instalado numa dinâmica defensiva e protecionista, aliás resultado da estrutura e configuração da Autonomia.

A Lei continha dous desafios relacionados entre si. Primeiramente tinha que fazer prevalecer o espírito de consenso e cooperação frente ao de competência polo espaço político, orçamental... Mais revolucionário ainda foi o facto de que a sociedade galega lograsse persuadir aos seus representantes de que a Galiza e o galego podiam e deviam transcender o marco histórico de segurança dos Estados-Nação numa nova ordem que assinala que é na dimensão internacional e a colaboração, onde há futuro: não na posse, mas na partilha. Não na uniformidade, mas na diversidade. A confiança e o conhecimento são agentes criadores de riqueza e desenvolvimento humano e material, estabilizadores e vitalizadores de vínculos e iniciativas. O temor e o instinto territorial descapitalizam, infantilizam,

e desvalorizam os recursos materiais e culturais.

Por conseguinte, num mundo globalizado e complexo, a riqueza das nações deixou de estar nos próprios recursos e meios, e agora está na confiança que estas podem gerar, e nos acordos duradouros e estáveis que podem construir e tecer. Entre nós, também o âmbito institucional real e funcional é definitivamente supra-estatal.

De facto a União Europeia não é apenas o relato político-económico maduro do nosso momento histórico, mas sobretudo a maior construção de paz da História humana. Uma superação dos marcos mentais de Império em favor da ideia de Comunidade. Nesse contexto, a Lei Paz Andrade é melhor compreendida portanto como construção europeia e de paz. Foi a União Europeia quem uniu a Irlanda dividida em guerra civil, e quem é depositária de esperança de garantias civis perante a arbitrariedade de Estados em deriva totalitária. Do mesmo jeito também dentro da UE a fronteira do Minho foi aberta na Gallaecia, como este que lhes escreve, lembrou naquele dia solene da sessão parlamentar da aprovação da ILP, fazendo ir as miradas ao vitral que preside o Parlamento da Galiza.

Era sabido que os três espaços onde a Lei Paz Andrade procurava a introdução do português (o comunicativo, o institucional e o educativo) estão submetidos às leis da competência entre países. É dizer, o rol do Estado nesses três espaços não é apenas uma regulação interna, mas age implementando por via fiscal ou atribuindo fundos para favorecer apenas os seus administrados.

Por contra, uma legislação e desenvolvimento pleno da ILP Paz Andrade significaria que nesses espaços o Estado espanhol e a autonomia galega agissem *junto a* outros Estados. Por exemplo, num assunto tão sensível como o do sistema educativo, a proposta original e também compartilhada pela maioria do ecossistema cultural galego, era a inclusão do português como parte do temário da matéria de Língua Galega, o qual universalizaria os efeitos positivos dessa lei. Mas pela inércia e o peso das “*raisons d’État*” no setor da cultura, ao final o português ficou na Lei no espaço de “língua estrangeira”, pelo que o seu desenvolvimento devia aguardar a próximas assignações para os centros escolares serem dotados de professorado.

Do mesmo jeito, essa inércia entorpeceu e atrasou a participação de entidades galegas em instituições internacionais lusófonas como integrantes de pleno direito, o qual significaria por fim reconhecer que a língua portuguesa foi criada na Galiza, e que a escrita hoje usada no resto de países é quanto menos legítima para o idioma galego.

O português arrinconado à categoria de língua estrangeira-internacional convinha a estra-

tégias de curto prazo que afirmam o Estado ser um problema, enquanto aceitam e reforçam os seus atuais marcos mentais e limitadores.

Agora e de cara ao futuro, uma visão a longo prazo e aliás optimista da História e do sentido do universo e da existência, herdada talvez dos devanceiros galegos, pode-se sobre-pôr mesmo aos factos de ter sido o português colocado nos “negócios estrangeiros”. A perspectiva supra-estatal, europeia e de cooperação na que se enquadra a ILP Paz Andrade tem como premissa a unidade na diversidade, e que a cooperação proporciona mais benefícios que a competência. Também a constatação da decadência dos “negócios domésticos” e das barreiras nacionais faz que a condição de “internacional” seja uma vantagem para o futuro, e não uma desgraça no presente.

A aceitação final deste facto por parte do establishment, quanto menos em termos teóricos, superando um imanentismo e corporativismo inerente, pode com certeza ser lido como um “sinal dos tempos”. Ao encontro com o futuro que têm marcado as gerações que nos seguem acudirá o galego com o seu passaporte internacional.

Jesús Gamallo Aller e
Valentín García Gómez

A lusofonía na estratexia galega de acción exterior

Pola súa posición nunha encrucillada xeográfica, histórica e cultural, Galicia goza dunha vantaxe competitiva no mundo que cómpre semmentar con meirande forza. Esa vantaxe é a que implica estar dacabalo das linguas portuguesa e castelá, dúas das poucas linguas europeas con expansión universal e, porén, de dous legados sociais de primeira orde no planeta.

Esta percepción ficou abundantemente plasmada na Estratexia galega de acción exterior (EGAEX), aprobada polo Consello da Xunta de Galicia o 1 de febreiro de 2018, previo informe da Comisión Galega de Acción Exterior (CAEX) e do Parlamento de Galicia sen ningún voto en contra, froito dun grande esforzo negociador, consubstancial á necesidade de asentar un documento de país que transcenda a efémera conxuntura política.

Velaí pois como na EGAEX hai unha chea de referencias á lusofonía, que subliñan a transcendencia que a sociedade galega lle outorgamos como Comunidade. Velaquí un botón de mostra:

“222. A diferenza de pobos que tiveron que deixar murchar a súa lingua orixinaria para potenciar en maior medida outros trazos identitarios da súa cultura –caso, por exemplo, de Escocia ou Irlanda–, nós debemos sumar e non restar, xa que o noso idioma comparte unha gran bagaxe cos outros dous idiomas romances irmáns, que xuntos virían a sumar ao redor de 750 millóns de usuarios no planeta. Esta inmensa riqueza cultural debe ser valorizada canto antes e debe integrarse na estratexia exterior galega

dun xeito transversal, dende unha óptica máis decidida a través das relacións coa CPLP e polo tanto co mundo da lusofonía.”

Pero, entre todos, singularmente cómpre reparar no punto 242 da EGAEX, polo que ten de natureza programática:

“242. A Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía, constitúe unha nova oportunidade para o impulso no intercambio cultural, informativo, comercial e lingüístico á hora de situar Galicia e a nosa lingua como plataforma de contacto entre a cultura hispana e a lusa, entendidas as dúas nun sentido amplo. Ao conxunto de países que teñen como lingua oficial o portugués habería que engadir outras zonas de diferentes países onde o portugués, sen ser oficial, é a lingua materna debido aos vínculos históricos que tiveron con Portugal (casos de Macau, Drada e Nagar Haveli; Damán e Diu ou Goa). Todos estes territorios son potenciais axentes de programas de cooperación e relacións comerciais pola proximidade lingüística, abrindo un abano de posibilidades de internacionalización do conxunto da economía, cultura e sociedade galega. Con este motivo a Xunta de Galicia puxo en marcha o buscador Paz Andrade (<http://exportarengalego.gal>), que facilita a xestión da información necesaria para interactuar con todos os países da lusofonía no marco das relacións económicas entre empresas galegas e as entidades de interese nos países de referencia. Non obstante, cómpre sempre fomentar o estudo

do idioma portugués, unha oportunidade sempre para os galegos que chegan a dominalo con moito menos esforzo que o resto da poboación non galega.”

Concretando máis no eido material, un bo exemplo da cooperación que podemos intensificar coa lusofonía, e fundamentalmente co Brasil, en tanto que xigante do grupo, aparece reflectido na EGAEX do seguinte xeito:

“238. Dende a aprobación polo Brasil da súa Lei 9.394/96, de directrices e bases para a educación nacional (LDB), do 20 de decembro de 1996, as posibilidades de estudo do español no ensino primario e secundario incrementaron de xeito moi importante a demanda de profesionais e material didáctico no outro idioma cooficial de Galicia. Aínda que a fecundidade brasileira está a caer a 1,77 fillos por muller, mesmo atesoura uns 47 millóns de nenos menores de 14 anos, e preto de 34 millóns de mozos entre os 15 e os 24 anos, entre os seus 204 millóns de habitantes. Un dato moi significativo é que cada ano nacen ao redor de 200.000 bebés brasileiros máis que habitantes totais ten Galicia. En 2014 foron ao redor de 2.930.000 nacementos. Noutras palabras, serían case 150 demandantes potenciais de produtos culturais para a infancia por cada neno galego. A causa da súa singularidade cultural, Galicia pode ofrecer profesionais, servizos e produtos que satisfagan esa demanda en mellores condicións que outros oferentes. Neste sentido, debemos solicitar a cooperación das autoridades culturais españolas, xa que esta oportunidade que se nos presenta pode e debe redundar ademais en beneficio da imaxe dunha nova España no mundo lusófono. Así como unhas novas relacións comerciais a través de colaboracións entre empresas culturais e editoriais que acheguen materiais formativos desenvolvidos aquí e que terían moi boa acollida nos países lusófonos e de fala his-

pana coa conseguinte tradución e adaptación ás súas singularidades. Nos países cunha gran importancia da poboación máis nova a aposta dos seus gobernos pola educación e pola cultura para o progreso social é unha gran oportunidade para toda a nosa industria cultural: editoriais, produtoras de audiovisual, ilustradores/as ...”.

Tamén no eido cultural e educativo, a EGAEX salienta a necesidade de mellorar a coordinación:

“329. Da mesma maneira, unha internacionalización conxunta das nosas empresas e das nosas institucións de educación superior e de investigación achegaranos adicionais vantaxes competitivas. Sen ir máis lonxe, esa conxunción de esforzos nos devanditos ámbitos poderá mellorar a nosa introdución económica no espazo latinoamericano e no espazo da lusofonía, espazos ambos os dous moi axeitados para proxectar as nosas fortalezas, aproveitando a xanela de oportunidade de que dispoñemos fronte a potenciais competidores, sen esquecer a posibilidade de facer máis atractiva a Eurorrexión para estudantes iberoamericanos e da lusofonía que desexen aproveitar as oportunidades que lles brindan as universidades galegas e portuguesas, tanto individualmente como a través de programas de cooperación interuniversitaria que entre elas manteñen.”

En suma, a proxección exterior de Galicia na comunidade lusófona convértese daquela nunha oportunidade mesmo para garantir a san existencia dunha vizosa industria cultural galega, porque só aquela comunidade lingüística pode ofertarlle unha escala axeitada para poder medrar e deixar de contraerse. Se queremos unha industria cultural autónoma e ceibe, que non dependa maioritariamente de subsidios e outros apoios circunstanciais, a opción de facer medrar a cooperación cos países da lusofonía resulta ineludible.

Neste contexto, todos en Galicia debemos ter claro que os nosos intereses estruturais son permanentes aínda que os escenarios políticos sexan mudables. Os cambios de goberno, como o recente no Brasil, non deben alterar a nosa estratexia a longo prazo. Porén, a lusofonía non só é un vector de internacionalización, senón ade-

mais un puntal da nosa afirmación, da nosa identidade e do noso futuro como cultura e pobo de seu. De feito, no eido concreto, na actualidade, estanse formando en Galicia 3.755 alumnos en portugués. Ademais, na Oferta Pública de Emprego de 2019 convócanse por 1ª vez prazas de profesor de portugués de ensino secundario.

Carla Sofia Amado

O significado da presença do Camões, I.P. na Galiza, num contexto de aumento da atenção da Galiza a Portugal e à lusofonia

Em Vigo, o Polo do Centro Cultural do Camões, I.P. (CCP-Vigo) abriu as suas portas a 20 de outubro de 1998, tendo comemorado 20 anos de ação em 2018. Naquela altura, foi chamado de “Casa de Portugal”, situando-se num edifício emblemático e histórico (a casa laica mais antiga da cidade de Vigo), cedida a Portugal pelo *Concello* de Vigo, a autarquia da cidade, por “convénio”, durante 99 anos.

Todo o contexto da cedência a Portugal da Casa onde está situado o centro, é uma história de amizade entre a Galiza (mais concretamente, Vigo) e Portugal. Tratou-se de uma iniciativa de cidadãos envolvidos na recuperação do património histórico do centro da cidade de Vigo, cujo amor por Portugal os moveu.

Considero que o papel desempenhado pelo CCP-Vigo, devido à particularidade da situação histórico-geográfica da Galiza para com Portugal, respeitando a multiplicidade de identidades, línguas e tradições que conformam e enriquecem este território geográfico, em simultâneo tão próximas e tão díspares, tem o privilégio de poder assumir através da sua atividade o cumprimento dos propósitos de proteção e divulgação do património cultural e natural, material e imaterial comum entre Portugal e a Galiza e de estar inserido num contexto histórico-linguístico muito favorável à promoção da cultura portuguesa e das culturas lusófonas no seu relacionamento com a própria cultura galega e espanhola.

Sabemos todos que unem a Galiza e Portugal séculos de história. Portugal e a Galiza apresentam uma matriz identitária comum, formada no seio da *Gallaecia* romana, separando-se definitivamente em 1143, com a independência de Portugal. No entanto, esta proximidade geográfica e cultural mantém-se até à contemporaneidade e constitui característica basilar no entendimento do natural interesse e da natural abertura e predisposição da Galiza para as temáticas relacionadas com Portugal, a cultura portuguesa e a própria Lusofonia.

Tendo sempre por base as orientações recebidas por parte da sede do Camões, I.P., pela Embaixada de Portugal em Madrid, que seguem, por sua vez, as diretrizes conjuntas do Ministério dos Negócios Estrangeiros e do Ministério da Cultura em matéria de ação cultural externa, o CCP-Vigo traça anualmente um plano anual de atividades culturais, interdisciplinar, que abrange, quer em coorganização, quer não, desde exposições de artes plásticas, exposições de fotografia, apresentações de livros, conferências e palestras com escritores, festivais de poesia, feiras do livro e de cultura, festivais de música, ciclos de música de câmara, espetáculos e encontros de teatro, ciclos e festivais de cinema e exhibições de filmes, encontros com cineastas, prémios musicais, de cinema e literários. Em 2017 o CCP-Vigo levou a cabo, por sua iniciativa ou em parceria, 53 atividades. Em 2018 foram 56 ações.

A referida abertura das entidades galegas a nível público, político, cultural e outras para o tema Portugal fazem com que, conseqüentemente, surjam parcerias, com as quais é possível estabelecer sinergias facilitadas para a organização de atividades culturais. E, sem sombra de dúvida, que o trabalho em rede é um fator importante da ação do CCP-Vigo. Por intermédio do CCP-Vigo diversos organismos têm, ao longo dos anos, promovido a comunicação entre as atuais duas identidades culturais e linguísticas de ambos os lados da fronteira, protegendo as suas tradições semelhantes e patrimónios culturais (i) materiais comuns.

Sou da opinião que as relações culturais entre a Galiza e a Lusofonia constituem um diálogo em permanente construção e a relação linguístico-cultural do território galego-português, um diálogo que importa ir adaptando à realidade da história dos nossos dias, levando até à Galiza a cultura de um Portugal moderno e de braços abertos à Europa e ao mundo, mas sempre capaz de regressar ao passado comum que detém com a Galiza e de o recordar.

Para mim, as pedras basilares da cultura portuguesa e que, seguramente, podem influenciar o desenvolvimento da própria cultura galega, são: (i) a própria língua portuguesa e a coesão cultural que ela permite em toda a Lusofonia; (ii) os sentimentos dicotómicos que tanto nos fazem sentir isolados como orgulhos pelo nosso limite geográfico – oceano Atlântico e, simultaneamente, o sentimento de pertença

a uma Europa que nos reúne na história de um continente (e o que tudo isto representa para a projeção e desenvolvimento interno de um Portugal cada vez mais moderno e cosmopolita; (iii) a saudade onde reina a nostalgia de um povo descobridor, o amor na literatura e o Fado; (iv) o humor português, que evoluiu desde as cantigas de escárnio e maldizer comuns à cultura galega até ao que hoje é capaz em autoironia e que dá origem a formas artísticas diferentes – televisão, cinema, artes plásticas e musicais e, no fundo, o que estas quatro coisas todas juntas conformam: a mentalidade da sociedade portuguesa.

A aproximação crescente da Galiza à Lusofonia tem sido debatida por variadíssimos académicos e estudiosos da matéria, mas creio que a própria afirmação do galego (reprimido durante décadas e sofrendo uma certa descaracterização) provocou essa necessidade de associação aos contextos português e lusófono, tanto ao nível das políticas linguísticas e culturais institucionais, como ao nível das iniciativas dos diferentes agentes culturais, de que há numerosos exemplos.

Fui nomeada há dois anos e cinco meses para assumir as funções de responsável do CCP-Vigo e este tempo já foi suficiente para me sentir conquistada pela Galiza. A naturalidade com que um português é aqui considerado “da casa” e o interesse de que falei, dos galegos por Portugal e pela Lusofonia, facilitam muito tanto a minha vida pessoal, como a minha vida profissional e, porque assim conseguimos construir sempre mais e melhor, sou feliz aqui!

Antonio Fontenla Ramil

Galicia e Portugal, construíndo Europa

As relacións existentes entre Galicia e Portugal poderíannos levar cando menos á época da Gallaecia romana. A partir deste punto atoparíamos diversos momentos e niveis de cooperación e intercambios, non só comerciais senón tamén administrativos, demográficos ou culturais. Estas relacións foron en ocasións competitivas e en ocasións de cooperación, pero baseáronse sempre en continuos intercambios que se facían antano a través da “raia seca” (sur de Ourense – Rexión de Tras-dos-Montes) ou a través da fronteira fluvial marcada polo río Miño.

A construción da ponte metálica entre Tui e Valença do Minho no ano 1884, costeadado por España e Portugal, e que permitía o paso a pé dun lado ao outro do Miño e a circulación de ferrocarrís entre Vigo e Porto, marca un punto de inflexión nas relacións entre ambos países.

Aínda que o cambio fundamental prodúcese coa sinatura do Tratado de Adhesión ás Comunidades Europeas subscrito por España e Portugal no ano 1985, abrindo un novo escenario no que desenvolver as relacións económicas e comerciais entre ambos países e un pulo á formalización e intensificación da cooperación existente. A permuta recíproca de bens e servizos crece de xeito exponencial dende a entrada na Unión Europea de España e Portugal. No ano 2017 máis do 12% das exportacións galegas dirixíronse a Portugal e as adquisicións de Galicia procedentes de Portugal supuxeron pouco máis do 11% do total. España é o principal destino do comercio exterior portugués: no ano 2017 máis do 20% das exportacións portuguesas tiveron

como destino o mercado español mentres que das importacións que realizou Portugal, máis do 30% procedían de España.

A pesar de que tanto Galicia como a Rexión Norte son dúas rexións periféricas dentro da Unión Europea, lonxe dos principais centros de decisión e influencia e dos circuitos comerciais máis dinámicos, as boas relacións entre ambas fixeron que se instauraran mecanismos de colaboración que colocan a esta Eurorrexión como exemplo dentro do proceso de integración europea.

No eido da cooperación pública, ademais das excelentes relacións institucionais entre os gobernos de España e Portugal e especialmente entre Galicia e a Rexión Norte, contamos con dúas Agrupacións Europeas de Cooperación Territorial na Eurorrexión (AECT), entidades con personalidade xurídica propia e natureza transfronteiriza, así como con dúas Eurociudades (unha delas con natureza de AECT tamén).

Nesta contorna foron numerosas as iniciativas e proxectos que potenciaron os vencellos entre ambos Estados e máis concretamente na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal ata a situación actual, permitindo a adopción de compromisos compartidos e a presentación de propostas conxuntas relacionadas con diversas áreas de interese común: infraestruturas, demografía e envellecemento da poboación, innovación, formación ou turismo entre outras. O Laboratorio Internacional de Nanotecnoloxía de Braga, ou a estratexia transfronteiriza en materia de I+D+i que incorpora un Plan de Inversións Conxuntas para a Eurorrexión -que nestes momentos afi-

na a súa segunda edición para o período 2020-2027-, fan parte deste camiño común.

Asemade, no ámbito da cooperación privada, existen numerosos exemplos de cooperación en diferentes áreas como a académica ou a cultural, pero tamén no eido económico. Os esforzos dos empresarios de Galicia e Portugal hai xa tempo que van da man e a cohesión de ámbolos dous territorios e máis concretamente da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal é sólida.

Moitos dos logros acadados neste senso débense a numerosas iniciativas promovidas polas empresas e as súas organizacións a ambos lados da raia, empresas que teñen intereses comúns, afrontan obstáculos similares e son conscientes de que a cooperación é a única ferramenta que permite acadar obxectivos compartidos que reportan beneficios á sociedade de ambos Estados.

Dende a Confederación de Empresarios de Galicia, en estreita cooperación cos nosos socios portugueses, apostamos por facer desta Eurorrexión un polo empresarial de referencia, competitivo e dotado de infraestruturas e servizos que permitan mellorar o desenvolvemento social e económico deste territorio.

Para isto, tanto a CEG como as súas organizacións integradas, colaboran en diferentes eidos en favor da cooperación mutua e a cohesión económica, social e territorial da Eurorrexión. Un exemplo é a participación dende hai mais de vinte anos na Rede EURES Transfronteirizo Norte Portugal-Galicia, rede impulsada pola Comisión Europea, dende a que se prestan servizos e se desenvolven actividades para facilitar e facer efectiva a libre circulación de traballadores e a libre prestación de servizos transfronteirizos, dous aspectos indisolublemente unidos, en estreita colaboración cos servizos públicos de emprego, coas autoridades laborais e de segurida-

de social, así como coas organizacións sindicais de ámbolos lados.

Pero tamén no ámbito da cooperación estritamente privada naceron iniciativas de notable interese como a creación de asociacións empresariais transnacionais e o desenvolvemento de proxectos empresariais transfronteirizos.

Sen dúbida, un dos vencellos máis importantes que uniron e unen a Galicia e Portugal é a proximidade dos seus idiomas, que permite que as persoas se comuniquen a ambos lados da raia sen dificultade. Este potencial queda recollido en numerosas iniciativas e culmina coa aprobación no ano 2014 da coñecida como Lei Paz Andrade, coa que se pretende aproveitar esta vantaxe competitiva que Galicia ten para potenciar as súas relacións culturais, educativas, pero tamén económicas non só con Portugal senón co resto dos países de lingua oficial portuguesa, como a lingua máis falada no conxunto do Hemisferio Sur.

Non é casualidade que o nome de Paz Andrade sexa o que se relacione coa Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía, norma que propugna e reforza obxectivos sobre cuestións aparentemente tan distantes como son a cultura e a economía, pois case ao mesmo tempo da inauguración da ponte metálica de Tui-Valença, nacía en Pontevedra Valentín, un intelectual, escritor e poeta galego que sería ademais un emprendedor eminente e de referencia para Galicia, fundador de Pescanova, empresa da que el mesmo dicía débeselle unha verdadeira revolución do sector do mercado alimentario en España e impulsor de iniciativas empresariais galego portuguesas.

Portugal non é para Galicia e o seu emprendido un mero mercado, senón unha oportunidade aberta á cooperación e á competitividade conxunta cara a Europa, aos países de fala portuguesa e cara ao resto do mundo.

Xesús Ramón González Boán

A CIG na lusofonía

As relacións da CIG co movemento sindical dos países lusófonos⁽¹⁾ son a continuidade lóxica das que ven mantendo o sindicalismo nacionalista galego desde as súas orixes na década dos 70 do século pasado, quer no ámbito confederal, quer no sectorial (ensino, administracións públicas, enerxía, metal...), nomeadamente con Portugal, Brasil, Guiné-Bissau e Cabo Verde. Son, por tanto, consecuencia natural, non só da solidariedade de clase, senón tamén do noso compromiso coa identidade nacional e cultural de Galiza.

Non é estraño, por tanto, o enorme empeño e interese mostrado pola CIG para facer parte da organización sindical de ámbito internacional que integra á totalidade do sindicalismo representativo lusófono.

Fundada en Lisboa no mes de maio de 1998, a **Confederación Sindical dos Países de Lingua Portuguesa - CSPLP**, pertencen a ela na actualidade 20 centrais sindicais de Angola (CGSILA, UNTA-CS), Brasil (CGT, CTB, CUT, NCST, FS), Cabo Verde (CCSL, UNTC-CS), Galiza (CIG), Guiné-Bissau (CGSI-GB, UNTG-CS), Macau (ATFPM), Mozambique (CONSILMO, OTM), Portugal (CGTP/IN, UGT-P), San Tomé e Príncipe (ONTSTP-CS, UGT/STP) e Timor Leste (CSTL).

(1) Non é pretensión deste breve artigo debater o significado da lusofonía. En calquera caso, hai un abano bastante numeroso encol das conceptualizacións desta palabra: lingüística, cultural, étnica, histórica, política... alimentando un debate indicativo da dificultade de consenso arredor do que é a lusofonía.

A CSPLP marcouse tres obxectivos xerais:

- » 1. Crear un espazo de diálogo e intercambio de informacións entre as organizacións sindicais membros
- » 2. Promover accións de cooperación entre as diferentes Organizacións, como un instrumento fundamental para o reforzo do movemento sindical lusófono na vía dunha mellor capacidade de intervención nos niveis nacionais e internacional.
- » 3. Definir liñas de orientación comúns capaces de influenciar as políticas da Comunidade dos Países de Lingua Portuguesa, a promoción da dimensión social e do diálogo social e o desenvolvemento económico e social.

Concibida como un espazo sindical ligado en exclusiva a Portugal e as súas ex-colonias, a nosa entrada na CSPLP supuxo un cambio cualitativo importante ao dar cabida a unha organización, a CIG, que non pertence a ese espazo histórico-político. A maiores, a CSPLP converteuse de facto nunha organización sindical internacional na que conflúen todas as variantes lingüísticas do galego-portugués. Polo que atinxe ao ámbito estritamente sindical, é interesante subliñar a súa heteroxeneidade no que respecta ao asociacionismo internacional, pois a CSPLP agrupa no seu seo a centrais sindicais afiliadas nas dúas grandes confederación mundiais, CSI e FSM, así como a outras - a CIG entre elas - sen afiliación.

En setembro de 1.999, 16 meses despois de constituída a CSPLP, a CIG solicitou formalmente ser aceptada como organización membro. A petición resolveuse na II Congreso celebrado en Maputo, capital mozambicana, en xullo de 2000,

no que se nos outorga a condición de *“Observador Convidado”*, categoría contemplada nos estatutos vixentes naquela altura.

O IV congreso da CSPLP realizouse en 2006 en Bissau, tendo lugar nos días previos unha reunión da Comisión Executiva. A CIG, convidada a esta reunión, propuxo que se posibilitase a *integración efectiva* das organizacións observadoras permitindo unha participación continuada e real nas actividades da CSPLP, para o que cumpriría mudar algúns dos aspectos máis restritivos dos estatutos. A proposta foi apoiada pola maioría das centrais sindicais, aprobándose finalmente por unanimidade na Comisión Executiva e no Congreso.

Pasaron, pois, 6 anos entre a solicitude formal de integración e o reconhecemento da CIG como *“Membro Observador”*. Este novo status, aínda que pouco relevante semanticamente, habilitounos para participar en todos os órganos da CSPLP, Executiva incluída, con voz e sen voto. Desde entón participamos en todas as actividades da CSPLP, fosen estas de carácter xeral ou específico. Con todo, os estatutos non permitían que a CIG puidese ter o carácter de membro pleno por carecer Galiza de estado propio.

Naquel mesmo mes de agosto, a VI Cimeira de Xefes de Estado e de Goberno da CPLP, celebrada tamén en Bissau, concedeu á CSPLP o estatuto de Observador Consultivo

Na reunión da Comisión Executiva previa ao Congreso da CSPLP celebrado en Luanda (Angola) en xullo de 2010, modificáronse os estatutos no sentido de eliminar a condición de *“ámbito estatal”* para ser membros de pleno dereito, *“membros efectivos”* na nomenclatura da CSPLP. Comisión Executiva e Congreso, por unanimidade, aprobaron estas modificacións.

Conforme ao decidido, a CIG solicitou poucos meses despois a mudanza do seu status de

observador para o de *“Membro Efectivo”*. O Comité Executivo aprobou esta solicitude en xuño do 2012 e o VI Congreso, celebrado un mes despois en Maputo, ratificou esta decisión con 13 votos a favor e dúas abstencións.

A integración na CSPLP era un dos obxectivos definidos como prioritarios pola CIG no ámbito internacional, obxecto de reiteradas resolucións aprobadas nos seus II, III, IV e V Congresos.

Xa en 1998, un ano antes da constitución da CSPLP, a CIG expresaba a vontade de *“manter decote relacións cos sindicatos de África de lingua portuguesa...”*. O III congreso insiste en prestar *“especial atención ao traballo... (cos) países lusófonos.... por sermos parte dunha Comunidade con lingua común”* e tamén *“...aspiramos a mudar o noso status participativo na CPLP-sindical, organización que agrupa as centrais sindicais dos países de lingua oficial galego-portuguesa”*.

A resolución específica sobre a CSPLP aprobada no cuarto congreso da CIG explicitaba unha vez máis a demanda de integración e as razóns para ela: *“... A nosa Central Sindical, dentro da súa aposta decidida a prol da total normalización de usos do noso idioma, ven asumindo nas súas formulacións a identidade común do noso idioma nacional coa lingua portuguesa, hoxe espallada por todo o mundo conformando un total de case 200 millóns de falantes. De aí que valoremos moi positivamente, a existencia dunha plataforma como a CPLP-sindical e a nosa participación nela, por canto esta plataforma reforza o noso papel como Central Sindical no escenario internacional, a través dun factor crucial da nosa identidade nacional como é a lingua.”*

Non foi fácil ir superando as trabas iniciais: descoñecemento case absoluto a respecto de Galiza, mesmo da súa existencia, pola maior

parte dos sindicatos lusófonos; sorpresa e incompreensión ante o feito de que “unha organización española pretenda ser considerada como se fose dunha ex-colonia portuguesa” (sic); presións de algunhas organizacións españolas para que non se nos dese ningún recoñecemento internacional...

En definitiva, trece anos de insistencia, pedagogía e conversas formais e informais foron precisos para romper inercias, estrañezas, incompreensións e vetos iniciais ante o feito de que unha central sindical dun territorio que nunca fora posesión portuguesa solicitara integrarse na CSPLP.

María Seoane Dovigo

Encontro de mulheres da lusofonia

Vários princípios orientam o “Encontro de mulheres da lusofonia. Mulheres, territórios, memórias”: promover o português como língua de comunicação internacional entre movimentos cívicos; divulgar o conhecimento da diversidade social, histórica e cultural dos diversos territórios da lusofonia assim como o conhecimento de referentes desses três âmbitos entre os utentes de português, também na Galiza; redimensionar o conceito lusofonia com uma perspetiva antirracista e pós-colonial, dignificando as memórias, os saberes e o pensamento de mulheres de todos os territórios onde a língua portuguesa é funcional, seja ou não língua materna; diversificar o discurso sobre a língua e a identidade galegas em diálogo com os outros que falam a nossa língua; e contribuir para a criação duma rede feminista e internacionalista em português.

O Encontro é organizado pela Academia Galega da Língua Portuguesa-AGLP, a Pró-AGLP e a UMAR-União de Mulheres Alternativa e resposta, uma ONG portuguesa de defesa dos direitos das mulheres com quarenta e dois anos de existência, representada no Conselho Consultivo da CIDM (Comissão para a Igualdade e Direitos das Mulheres da República Portuguesa) desde 1977. As ligações entre feministas galegas e portuguesas não são uma novidade. Pretendemos dar-lhes continuidade no contexto da discussão sobre o futuro da língua portuguesa e a sua identidade como língua internacional. Observamos que, por uma parte, nos foros sobre a língua portuguesa e a lusofonia faltavam mais

testemunhos e reflexões sobre a diversidade social no espaço da CPLP e que, por outra parte, noutros foros da sociedade civil a questão da língua e a herança cultural está latente mas não se discute em primeiro plano nem se aproveita a sua vantagem estratégica.

Sabemos da transversalidade do feminismo aos outros movimentos cívicos e da sua tradição de pensar o ser humano na sua integridade e os direitos humanos e a universalidade da perspetiva da pluralidade humana. Pensar a língua e a herança histórica pode e deve de ter essa transversalidade. Aprendemos com a UMAR e o labor do seu Centro de Cultura e Intervenção Feminista que o feminismo é tema de direitos e também de cultura, assim como a necessidade de criar conhecimento a partir da colaboração entre ativismo e academia. Por outro lado, interpretamos que fazemos parte da própria evolução do reintegracionismo na Galiza, que sem deixar de ser um movimento sobre a norma da língua também passou a ser espaço de imaginação e relação internacional para a sociedade galega.

O primeiro Encontro realizou-se em no Museu da Límia em Vilar de Santos, em março de 2016. Lançamo-nos à cartografia dos temas nas áreas que propusemos como subtítulo, os territórios e as memórias, com as intervenções da antropóloga Luzia Oca e o seu trabalho junto da comunidade cabo-verdiana de Burela, da coordenadora do projeto “Memória e feminismos” da UMAR, Teresa Salles, que já recolheu histórias de vida de mulheres um pouco por todo o território português ou a da ativista da

Femafro-Associação de Mulheres Negras, Africanas e Afrodescendentes em Portugal Lúcia Furtado.

O segundo encontro realizou-se na Casa da Língua Comum, sede da AGLP em Compostela, em abril de 2018. Uns meses antes a AGLP tinha sido admitida como observador consultivo da CPLP e como membro da Comissão Temática de Promoção e Difusão da Língua Portuguesa dos Observadores Consultivos da CPLP. A secretária executiva da CPLP, Maria do Carmo Silveira, deu o seu apoio ao Encontro, por servir uma das linhas estratégicas da organização, a do empoderamento das mulheres no espaço lusófono. Contamos com a presença da diretora-geral Georgina Benrós de Mello, que abriu o Encontro numa mesa em que também estiveram presentes Mariana Portas da Fundação Gulbenkian em representação da Comissão Temática e Xosé Lago García em representação do governo autónomo galego.

Indo ao encontro da recomendação do IILP-Instituto Internacional da Língua Portuguesa de valorizar o português como língua de herança das comunidades das diásporas da CPLP, começamos com um painel sobre diásporas lusófonas na Galiza. Jéssica Azevedo, filóloga nascida em Goiânia e criada na Galiza, deu-nos o testemunho de que o encontro com o reintegracionismo foi uma oportunidade para poder falar a sua língua na Galiza e sentir-se valorizada por isso. A socióloga e mediadora cultural Sónia Mendes da Silva, descendente cabo-verdiana nascida em Burela, apátrida até aos doze anos, mostrou como o racismo se pode sobrepôr a qualquer ideia de comunidade linguística.

No painel sobre as memórias Teresa Salles falou das mulheres na resistência ao Estado

Novo em Portugal e a jornalista e documentarista Diana Andringa falou das mulheres da resistência timorense e a sua invisibilidade no relato oficial. Contamos ainda com duas intervenções sobre democracia e prisões, a de Mariola Mourelo sobre o projeto Cárcere da Corunha e a de Luís Farinha, diretor do Museu do Aljube, criado por iniciativa cidadã para a memória da ditadura e a luta pela liberdade em Portugal.

No segundo dia o painel sobre os feminismos em Compostela, na Casa Xohana Torres, contou com a presença de representantes da Marcha Mundial das Mulheres-Galiza, da Plataforma Feminista Galega e do Concelho de Santiago. Fechamos o Encontro com um painel sobre feminismos no espaço lusófono com Isabel Harriet Gavião da Onjango Feminista de Angola, Nzira de Deus do Fórum Mulher de Moçambique e a Manuela Tavares da UMAR.

Fizemos ainda duas atividades na Livraria Lila e tivemos patente a exposição “20 anos: o futuro aposta na CPLP” na nossa Casa da Língua Comum, dando cumprimento ao compromisso da AGLP de dar visibilidade à CPLP na Comunidade Autónoma da Galiza, promovendo o conhecimento das atividades desenvolvidas pela CPLP e dos seus objetivos.

Nos próximos Encontros tencionamos manter a itinerância. Pretendemos implicar a comissão temática de Educação, Ciência e Tecnologia e a de Ambiente, Cidades e Territórios dos observadores consultivos, na cartografia dos temas e na organização. Considerando a alta percentagem de jovens no espaço lusófono, o facto de a CPLP ter declarado o ano 2019 ano da juventude e a nossa preocupação por transmitir a memória histórica às jovens e a língua no caso da Galiza, a juventude será o alvo preferencial.

Emilia García López

Novos camiños para a acción exterior

O Consello da Cultura Galega (CCG) é o órgano estatuario de Galicia en materia de cultura, razón pola que actúa como un corpo asesor e consultivo, con capacidade de iniciativa, investigación e organización, dotado de personalidade xurídica. Entre as súas competencias destaca a de analizar cantas cuestións se refiran ao patrimonio cultural e a de fomentar a lingua e a cultura galegas como creacións orixinais do pobo galego, entendidas como un patrimonio que cómpre conservar e transmitir, e tamén organizar actuacións culturais adecuadas aos fins do Consello dentro ou fóra de Galicia.

As liñas de traballo na área de Acción Exterior no Consello da Cultura Galega estiveron sempre asociadas dun xeito estrito aos obxectivos da institución neste aspecto:

- » Recuperar o patrimonio documental nas comunidades galegas da diáspora.
- » Participar internacionalmente en redes de investigación en emigración, a través do Arquivo da Emigración Galega.
- » Axudar a difundir unha imaxe positiva de *marca-país* de Galicia no exterior.
- » Promover a presenza de Galicia como unha cultura ponte nas áreas lingüísticas do español e do portugués.
- » Promover a presenza de Galicia en universidades e centros de excelencia.

A acción exterior do CCG foi ata o de agora un dos eixes fundamentais da institución. Durante os últimos doce anos, esta acción concentrouse en promover, a través de convenios, exposicións, recuperación documental ou congresos,

a presenza de Galicia en moitos países do mundo, tanto de Europa como de América. Especial atención merece o aumento de actividades realizadas no mundo lusófono: Brasil e Portugal. Entre as relacións coa lusofonía destaca o ingreso do Consello da Cultura Galega como observador consultivo na Comunidade dos Países de Língua Portuguesa (CPLP) en novembro de 2016. Por outra banda, a institución tamén colaborou nestes últimos anos moi estreitamente co Instituto Camões, coa Fundação Luso-Americana (FLAD), coa Fundação Casa de Mateus e coa Universidade do Minho.

A presenza da cultura galega na Rede foi tamén outro dos grandes eixes de traballo, que se concretou en varias propostas: na etiquetaxe dixital da cultura galega, na recuperación e dixitalización de documentación particular e na edición de obras de referencia na Rede. Nos últimos tempos elaborouse o Plan Director do Patrimonio Cultural no Exterior e buscouse intensificar a presenza de Galicia no contexto europeo, coa participación destacada, a través do Arquivo de Emigración Galega, na Association of European Migration Institutions (AEMI), e tamén a potenciación da itinerancia das exposicións de temática migratoria, como por exemplo *Os adeuses*, que se inaugurou no Museo de Ellis Island de Nova York o 9 febreiro e que estará ata o 5 de maio de 2019.

Na nova etapa que emprendeu o CCG no mes de xullo de 2018, a nova Comisión Executiva, presidida por Rosario Álvarez, recoñece que a institución ten como tarefa propia, aínda que

non está explicitada entre as competencias fundacionais, a proxección exterior da cultura galega, sobre todo a través das redes da galegidade e de ámbitos culturais e académicos de referencia. A proposta concreta é ampliar esa presenza explorando, ademais, a colaboración doutras redes ou organismos de ámbito internacional. Para iso nesta nova xeira destaca a relevancia da acción exterior cultural de Galicia, integrándoa na dinámica xeral do ecosistema cultural galego, para a que se propón establecer un novo plan de acción no que destacan catro liñas de atención: a Galicia espallada (da emigración e do exilio), os países de lingua portuguesa, a relación con Europa e a posición atlántica de Galicia.

Polo tanto, na primeira liña que atende á Galicia espallada, as accións de difusión da cultura galega irán dirixidas:

- » Á Galicia da emigración e do exilio, tanto aos propios emigrados coma aos seus descendentes, galegos de herdanza. Atendendo sobre todo a América, pero sen esquecer os fluxos migratorios máis modernos dos novos emigrados, grupos de mozos e mozas que actúan desde Londres, Berlín, Nova York, Madrid...
- » O Consello da Cultura Galega ten xa unha traxectoria en relación cos estudos migratorios (sociedade, lingua, cultura, memoria...), coa preocupación pola protección e posta en valor do patrimonio galego no exterior e coa dinamización da cultura galega nas comunidades de emigrantes.
- » Ás sociedades dos países acolledores de emigrantes, que deben ter noticia da patria de orixe dos seus veciños inmigrantes, co ánimo de substituír a visión de pobreza e atraso que levou consigo a emigración económica pola imaxe da Galicia contemporánea.
- » Á valorización en Galicia da contribución dos

emigrantes tanto á construción da cultura dos países de acollida como á construción da Galicia moderna. Para iso o Consello da Cultura Galega conta co Arquivo da Emigración Galega e aspira á creación dun museo da emigración galega.

Unha segunda liña fundamental da acción exterior ten que ver cos países de lingua portuguesa. O CCG, como observador consultivo da Comunidade dos Países de Lingua Portuguesa (CPLP) desde o 1 de novembro de 2016, ten entre as súas funcións promover e difundir o idioma común dos países integrantes da CPLP e a súa diversidade cultural nun espazo extracomunitario como é Galicia, coa que comparte, ademais, unha fronteira común. Dentro das actividades programadas pola Comissão Temática de Promoção e Difusão da Língua Portuguesa dos Observadores Consultivos da CPLP da que o CCG forma parte, organizouse o congreso “Patrimonio e Fronteira” (8 e 9 de novembro de 2018), no que o obxectivo foi por unha parte, debater acerca dos conceptos de fronteira e patrimonio e como estes se mesturan nos espazos raianos, traspasándoos e constituíndo un espazo de intercambio, de creación de identidade e de novas realidades patrimoniais. Por outra banda falouse dos patrimónios que unen e que separan en función das nosas realidades político-económico-culturais. Este foi un dos exemplos de traballo conxunto coa CPLP que permite afondar nas relacións co mundo lusófono. No marco destas relacións cómpre ampliar e estreitar as boas relacións con Brasil: ademais das redes da emigración e académicas, e da proporcionada pola colaboración co Instituto Cervantes, estanse a explorar mellores contactos con redes culturais específicas. E, naturalmente, afondarase na relación con Portugal, onde xa se deron importantes pasos grazas ao Instituto Camões e ao contacto

con universidades, nomeadamente a Universidade do Minho. Pódense crear ou potenciar sinerxías aproveitando tamén o impulso nesta liña das universidades galegas e a estrutura da Eurorexión Galicia-Norte de Portugal.

Hai outras dúas liñas de acción exterior que nesta etapa van estar entre as prioridades da institución:

- » A relación entre Galicia e Europa. Cabe aproveitar a conexión única que nos dan os Camiños de Santiago, como vía cultural de importancia e fortaleza extraordinarias, para a promoción da cultura galega actual, non só da cultura xacobeá. Pero, sobre todo, debemos salientar o europeísmo como marca definitoria da cultura galega.
- » A posición atlántica de Galicia, que nos permite conectar con varias das nosas liñas de interese: de novo, coa emigración e o exilio; cos países de lingua portuguesa; coa historia antiga de Galicia e as raíces culturais máis fondas; coa cultura marítima galega (con frecuencia esquecida), entre a que salientamos a importancia do sector económico e industrial; en consonancia coa importancia toma-

da polos estudos transatlánticos na academia internacional.

En conclusión esta estratexia de acción exterior constituirá así mesmo un potente instrumento de divulgación da imaxe de Galicia. Deste modo poderíase acuñar unha imaxe de Galicia, como unha comunidade política aberta ao mundo, con presenza de galegos nos cinco continentes, e cunha longa tradición de ser porta de entrada e porta de saída.

A imaxe de Galicia no exterior debe corresponderse coa súa realidade económica, social e cultural. Divulgar unha imaxe de calidade de Galicia non soamente comercial, senón tamén convivencial, cultural e integradora das diferentes variables que compoñen o mundo exterior, é esencial para superar a ignorancia e o descoñecemento que aínda existe da modernización experimentada por Galicia nos últimos anos e que contrastan coa imaxe tradicional de comunidade periférica e pouco avanzada.

Para iso é responsabilidade do CCG reforzar a conciencia de identidade dos residentes no exterior propiciando o encontro e a converxencia de vontades entre os sectores máis determinantes.

Xosé Lago García

A eurorrexión (AECT) e a colaboración entre Galicia e o norte de Portugal: o programa de estadias universitarias “Iacobus”

No ano 2010, a Xunta de Galicia e a Comisión de Coordinación e Desenvolvemento Rexional do Norte de Portugal (CCDR-N) puxeron en marcha a GNP/AECT, a Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia – Norte de Portugal que tiña o obxectivo de afondar na cooperación entre os dous territorios, seguindo a liña encetada pola Comunidade de Traballo que crearan vinte anos antes.

Trátase dunha institución, creada ao abeiro do dereito comunitario, dotada de personalidade xurídica e que ten unha composición paritaria entre Galicia e o Norte de Portugal, tanto nos seus órganos de goberno como no persoal que traballa nela, e que ten como idiomas oficiais tanto o galego como o castelán e o portugués.

Nos últimos anos, a AECT puxo en marcha algúns programas moi exitosos para favorecer a integración entre Galicia e o Norte de Portugal en distintos eidos. Dentro destes, ten unha especial relevancia o Programa “IACOBUS”, no que se integraron, ademais da Xunta de Galicia e a CCDR-N, todas as Universidades e os Centros de Ensino Superior da Eurorrexión Galicia – Norte e Portugal. Trátase dun Programa de cooperación cultural, científica e pedagóxica para configurar un auténtico espazo de integración interrexional, fomentando a cooperación e o intercambio entre os recursos humanos dos centros de ensino superior da Eurorrexión para a posta en común de actividades formativas, investigadoras

e divulgativas (intercambios de experiencias, investigación conxunta, divulgación científica ou a transferencia de coñecementos).

IACOBUS xurdiu a partir das prioridades definidas no Plano de Investimentos Conxuntos (PIC) da Eurorrexión.

En sustancia, o Programa IACOBUS desenvolve un sistema de intercambio de profesores, investigadores e persoal administrativo e de servizos, dos centros de Ensino Superior da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal. O propio nome do programa quixo lembrar o espírito multicultural do Camiño de Santiago, para facer precisamente da educación un espazo de integración transfronteiriza e de cohesión territorial.

O programa naceu coa sinatura dun Protocolo coas Universidades de Santiago, A Coruña, Vigo, Porto, Minho Trás-Os-Montes e Alto Douro e a Universidade Católica do Porto, así como os Institutos Politécnicos do Porto, Viana do Castelo, Bragança e o do Cávado e do Ave, que son as beneficiarias deste programa de estadias; tamén forma parte a Fundación CEER, que forma parte da comisión que avalía as candidaturas que se presentan a cada convocatoria.

Os candidatos han de presentar unha memoria na que expliquen o traballo que se pretende desenvolver, as datas do mesmo, e a conformidade, tanto da súa institución como de aquela outra que o vaia acoller.

A seguir, unha comisión avalía as solicitudes presentadas en cada convocatoria, primando as que fomenten a integración rexional entre Galicia e o Norte de Portugal ou se refiran ás áreas establecidas como preferentes no Plan de Invetimentos Conxuntos da Eurorrexión (PIC) ou na Estratexia de Especialización Intelixente Transfronteiriza (RIS3-T).

As actuacións poden incluír os seguintes aspectos:

- » Colaboración entre as distintas comunidades universitarias (profesores, investigadores, persoal de administración e servizos)
- » Formación de docentes, investigadores e persoal de administración e servizos;
- » Intercambio de información e documentación;
- » Realización de accións de formación desenvolvidos mediante seminarios, conferencias, coloquios, encontros, xornadas, etc.;
- » Publicacións e proxectos científicos e de cooperación educativa.

Os candidatos seleccionados realizarán a estadia, que terá unha duración que oscila entre unha semana e tres meses, nun dos centros asinantes do Memorando, pero que sexa dun país diferente ao do seu centro de traballo.

Establecéronse tres categorías:

- » Persoal Docente e Investigador (PDI)
- » Estudantes (pre ou post doutorais)
- » Persoal de Administración e Servizos (PAS)

Ata o día de hoxe realizáronse cinco convocatorias do Programa Iacobus, nas que participaron 1222 persoas e resultaron 639 estadias de investigación, das que 348 proviñan de centros galegos e 291 de centros do Norte de Portugal. A cantidade investida nestas estadias foi de 692.600 euros, que contaron coa cofinanciación do FEDER da Unión Europea, a través do Programa Operativo de Cooperación Transfronteiriza España – Portugal (POCTEP).

No seguinte cadro pódense ver os datos, desagregados.

Entidades	PDI		Investigadores		PAS		Total		Dotación Económica
	Candidatos	Seleccionados	Candidatos	Seleccionados	Candidatos	Seleccionados	Candidatos	Seleccionados	
U. Coruña	106	51	51	29	13	9	170	89	94.600 €
U. Santiago	92	49	107	65	15	8	214	122	151.400 €
U. Vigo	166	82	59	41	23	14	248	137	154.000 €
U. Porto	51	23	20	14	37	19	108	56	57.200 €
U. Minho	55	26	31	24	21	12	107	62	72.200 €
UTAD	42	18	4	1	1	1	47	20	21.800 €
U. Católica	13	6	1	0	9	3	23	9	9.200 €
IP Porto	98	46	5	4	27	17	130	67	64.200 €
IPVC	44	18	1	0	3	2	48	20	21.200 €
IP Bragança	40	19	0	0	32	17	72	36	28.200 €
IPCA	55	21	0	0	0	0	55	21	18.600 €
TOTAL	762	359	279	178	181	102	1222	639	692.600 €

En canto aos sectores, abranguen case todas as áreas de investigación, nomeadamente:

- » Ciencias da saúde
- » Ciencias sociais
- » Ciencias económicas
- » Ciencias ambientais e dos recursos naturais
- » Tecnoloxías da información e comunicación
- » Humanidades

Logo de cada convocatoria, a GNP, AECT, xunta coa Fundación CEER realiza unha enquisa para coñecer o grao de satisfacción dos participantes co programa. Os datos das primeiras convocatorias mostraron que o grao de satisfacción fora de “alto” ou “moi alto” para mais do 90 % dos participantes. Esta tónica mantívose nas convocatorias posteriores.

O principal aspecto no que os participantes mostraran a súa satisfacción foi o da atención recibida, seguido do grao de cumprimento dos obxectivos establecidos no proxecto e a satisfacción co recibimento no lugar de destino.

De entre as queixas, a mais elevada se refería á dificultade para encher os documentos precisos para participar. Por ese motivo, a partir da cuarta convocatoria, púxose en marcha unha plataforma informática que facilitou a participación dos candidatos.

Para a convocatoria de 2018, a GNP/AECT quixo dar un paso mais e, ademais de outras novidades, invitou a participar aos Centros Tecnolóxicos da Eurorrexión, é dicir: a aqueles centros homologados polos correspondentes departamentos da Administración (dun ou doutro lado da fronteira) e que tivesen sede en Galicia ou no Norte de Portugal.

Con estas novas incorporacións, búscase promover e fortalecer a colaboración transfronteiriza entre os actores mais relevantes no I+D+i da Eurorrexión, e mellorar as relacións entre o I+D+i “básico” e o “aplicado”, tentando crear produtos ou procesos innovadores nos sectores mais relevantes.

En setembro de 2018 asinaron unha addenda ao Memorando de 2014 para incorporarse a este programa os seguintes centros:

» Galicia

- AIMEN Centro Tecnolóxico
- CIS Madeira
- CIS Galicia
- Centro Tecnolóxico ENERGYLAB – Eficiencia energética y sostenibilidad
- Gradient – Centro Tecnolóxico de Telecomunicaciones de Galicia
- CESGA – Centro de Supercomputación de Galicia

- CTAG – Centro Tecnolóxico de Automoción de Galicia
- CETAQUA – Centro Tecnolóxico del Agua
- CETIM – Centro Tecnolóxico de Investigación Multisectorial
- CETMAR – Centro Tecnolóxico del Mar
- Centro Tecnolóxico da Carne
- Instituto Tecnolóxico de Galicia
- » Norte de Portugal
 - CATIM – Centro de Apoio Tecnolóxico à Indústria Metalomecânica
 - CEIIA - Centro de Engenharia e Desenvolvemento
 - CTCOR – Centro Tecnolóxico da Cortiça
 - CVR – Centro para a Valorização de Resíduos
 - INEGI – Instituto de Ciência e Inovação em Engenharia Mecânica e Engenharia Industrial
 - INESC TEC – Instituto de Engenharia de Sistemas e Computadores, Tecnologia e Cultura
 - INL – International Iberian Nanotechnology Laboratory
 - ISQ – Instituto de Soldadura e Qualidade
 - PIEP – Associação Pólo de Inovação em Engenharia de Polímeros
 - CTCP – Centro Tecnolóxico do Calçado de Portugal

Para incorporar ao persoal dos Centros Tecnolóxicos ao programa, foi preciso crear dúas novas categorías:

- » Xestor da Innovación, para os investigadores ou xestores de proxectos de I+D+i, cun mínimo de cinco anos de experiencia acreditada nestas tarefas.
- » Técnico de I+D+i, para os investigadores ou xestores de proxectos que non acadasen os 5 anos de experiencia.

As mobilidades agora van poder ser feitas entre Universidades, Centros de Ensino superior e Centros Tecnolóxicos da Eurorrexión, con tódolos cruzamentos posíbeis en canto ao tipo de centro, coa única limitación de que teñen que estar involucrados un de cada país: deben ser entre un centro (de calquera tipo de entre

os asinantes do Protocolo) radicado en Galicia e outro centro do Norte de Portugal.

Esta 6ª convocatoria do programa IACOBUS está actualmente en marcha. Participaron nela un total de 253 candidatos, dos que foron seleccionados 159, que comezaron a súas estadias no mes de febreiro de 2019.

Joam Lopes Facal

Os vínculos externos da economia galega

A Galiza não está no grupo das comunidades autónomas mais desenvolvidas mas tampouco entre as desfavorecidas. Em termos de PIB por habitante referidos a 2017, a Galiza, com 22.497 euros por habitante, situava-se por debaixo de nove comunidades, encabeçadas por Madrid (33.809) e seguidas pelo País Basco, Navarra, Catalunha, Aragão, A Rioja, as Ilhas Baleares, Castela e Leão e rematados e finalmente Cantábria (22.513). Mas também superava outras sete, a começar pela Comunidade Valenciana (22.055), seguida por Astúrias, Múrcia, Castela - A Mancha, Andaluzia e finalmente Estremadura (17.262).

Em focagem mais global e com dados de 2017, o rendimento por habitante da Galiza rondava o 90% da média espanhola (89,6%), cifrada esta em 25.100 euros por habitante. É pertinente destacar que, no heterogéneo clube do euro encabeçado por Luxemburgo (92.600) e Irlanda (61.200), o rendimento por habitante de Espanha (25.100 euros por habitante) fica próximo da meia (33.129) flanqueada por França (34.300) e por Itália (28.500) seguida de Espanha. Portugal, com 18.900 euros por habitante ocupa um lugar ainda modesto.

Centrando-nos já nas relações económicas externas da Galiza uma [investigação recente](#) (2010) situava o *grau de abertura* da economia galega (exportações mais importações sobre PIB) num destacado terceiro lugar entre as CC AA espanholas, com um 52,1 % de rácio, só superada por Navarra (63,9%) e Catalunha (58,4%). O indicador é muito significativo da capacidade

de competir em mercados abertos, marca certa da competitividade. Outra questão de grande importância é a do signo e magnitude do saldo da balança comercial externa sobre PIB denominado *grau de cobertura*. O sucesso do comércio externo é tanto maior quanto mais elevado o grau de cobertura. Segundo a base de dados do diário *Expansión* para o ano 2017, Galiza ocupava o quarto lugar em grau de cobertura entre as CC AA espanholas com saldo comercial positivo, com 6,59% sobre PIB; apenas superado por Navarra (21,16%), País Basco (7,74%) e A Rioja (6,80%) e seguida pela Comunidade Valenciana, Castela e Leão, Estremadura, Astúrias, Aragão e Múrcia (0,35%). Por debaixo ficam as comunidades incapazes de cobrirem as suas importações com as exportações: Andaluzia, Canárias, Ilhas Baleares, Castela A Mancha, Catalunha (-5,93%) e com Madrid como campeão das importações sem cobertura comercial (-14,27%). O caso catalão merece ser glosado brevemente. Quando nos referimos ao comércio externo raramente se alude à balança comercial inter-regional: compras e vendas no mercado interno espanhol. Com dados [oferecidos por C-intereg](#), entidade dedicada a estimar os fluxos comerciais entre as CC AA no mercado espanhol, os saldos comerciais com o resto de Espanha e com o estrangeiro em 2017 eram respetivamente, em milhares de milhões de euros: Catalunha (+17.326; - 13.493), Galiza (+6.196; +4.535). Catalunha, como a Galiza, gozam de balanças comerciais favoráveis com o resto do território espanhol, mas na Galiza ao contrário que em Catalunha o saldo

favorável é tanto interno como externo. É uma característica destacada da boa saúde comercial da economia galega.

É o momento de examinarmos o perímetro do comércio externo galego tanto em termos geográficos como no tipo de mercadorias que fundamentam o sucesso comercial da Galiza. Ilustraremos ambas questões recorrendo à base de dados Datacomex da Secretaria de Estado de Comércio dependente do Ministério de Indústria, Comércio e Turismo.

Abordaremos a pesquisa na base Dataco-

mex tracejando os setores alfandegários TARIC responsáveis pelo 80% do fluxo das importações e exportações. É possível resumir o núcleo exportador e importador da economia galega em apenas 15 referências TARIC das 100 que conformam a totalidade da base TARIC. A ainda podemos reduzi-las em 10 apartados se procedemos a agrupar os setores afins.

Tal como observamos no quadro seguinte que explica o 82% dos movimentos comerciais galegos em 2017. Resumimos a pesquisa no seguinte quadro.

2017: Setores TARIC	Importações	%	Exportações	%
Unidade: (000) euros	17.199.724		21.798.364	
87 Veículos	4.984.728	28,98	4.909.697	22,52
27 Petróleo e gás	2.613.880	15,20	1.495.306	6,86
62 Confeção não ponto	726.115		3.406.978	
61 Confeção ponto	578.311		1.915.394	
64 Calçado	78.243	8,04	437.978	26,43
16 Peixe e moluscos	2.126.845		1.447.228	
84 Conservas de peixe e carne	535.887	15,48	689.042	9,80
85 Aparelhos mecânicos	597.984		537.149	
72 Aparelhos elétricos	340.481	5,46	495.242	4,74
72 Fundição ferro e aço	586.205		538.011	
76 Alumínio e derivados	387.794	5,66	588.603	5,17
39 Produtos plásticos	354.166	2,06	251.206	1,15
44 Madeira e derivados	106.291	0,62	420.006	1,93
68 Pedra e derivados	23.354	0,14	324.544	1,49
89 Barcos	17.372	0,10	464.191	2,13
Subtotal	14.057.654	81,7	17.920.575	82,2
% sobre total	81,7		82,2	

Dispensaremos o leitor de comentários redundantes destacando em negritas o contributo de cada referência alfandegária ou bloque conceitual ao montante das importações e das exportações. É pertinente destacar que é possível observar que algumas referências TARIC amostam cifras elevadas tanto em importações como em exportações, é habitual falar neste caso de *comércio intraindustrial intenso* pelo provável domínio de agentes corporativos dominantes neste tipo de transações cruzadas. O caso da indústria do automóvel é paradigmático.

Quais são os principais países fornecedores e clientes da nossa economia? Com a mesma metodologia do quadro precedente, lemos em

seguida o mapa das nossas relações comerciais mais destacadas. Novamente, estabelecemos o corte do núcleo selecionado por volta do 80% que apanha no perímetro 25 países em destaque do total dos 979 que constitui a base completa da geografia comercial.

Agrupámos propositadamente os países fornecedores de petróleo e gás que alimentam os complexos industriais de Reganosa e Repsol Corunha. Outros como Namíbia, Argentina e as Malvinas são reconhecidos provedores de peixe para as nossas frotas congeladoras. *O núcleo básico* do comércio externo galego — França, Portugal e Itália — concentram 44,4% das nossas importações e 41% das exportações como se pode observar.

2017: Países	Importações	Exportações
Unidade: (000) euros	17.199.724	21.798.364
001 França	4.729.926	4.164.966
010 Portugal	1.923.327	2.759.105
005 Itália	819.560	2.021.115
720 China	719.372	184.667
004 Alemanha	624.286	1.322.183
412 México	524.118	412.393
700 Indonésia	457.307	
216 Líbia	487.789	
208 Argélia	266.008	
500 Equador	255.485	
052 Turquia	443.621	554.967
006 Reino Unido	270.848	1.430.483
204 Marrocos	376.601	779.547
528 Argentina	353.471	198.831
400 Estados Unidos	298.081	580.010
003 Países Baixos	233.335	1.088.254
063 Eslováquia	198.212	
075 Rússia	219.192	
017 Bélgica	208.149	804.347
389 Namíbia	185.212	
529 Ilhas Malvinas	130.850	
066 Roménia	118.647	244.665
060 Polónia		674.802
009 Grécia		329.445
030 Suécia		201.941
Subtotal	13.843.399	17.751.723
%	80,5	81,4

Não estaria completa esta revisão das relações económicas externas da Galiza se não dedicáramos atenção, mesmo concisa, aos movimentos de capital. Aos fluxos de investimento

cruzados com alguns países com carácter de sócios principais nos investimentos empresariais, quer afluentes a Galiza quer destinados ao exterior polo empresariado galego.

Stock de capital, (000) euros	Capital afluente	Capital efluente
Países Baixos	200.542.039	2.598.280
Luxemburgo	111.118.178	1.516.850
Itália	76.916.073	1.338.790
França	74.186.574	1.574.050
Reino Unido	62.377.877	2.778.050
Alemanha	50.835.273	
E.U.A.	46.674.562	5.123.150
Portugal	40.494.913	1.756.570
Suíça	22.087.409	
Brasil	16.763.338	619.650
México	14.248.385	725.260
Colômbia	10.185.479	
Bósnia Herzegovina		3.583.240
Canadá		3.128.560
Argentina		796.840
Marrocos		719.930
Subtotal	726.430.101	26.259.220
Total até 2017	813.938.468	32.603.560
%	89,25	80,54

O quadro anterior resume o stock de capital acumulado por transações de capital até 2017. A base de dados Datainves reportava um importe de capital empresarial acumulado na Galiza de procedência exterior de 813, 94 milhares de milhão de euros contra 32,60 colocados no exterior pelos investidores galegos.

Importes em todo o caso modestos em comparação com as CC AA privilegiadas na captação de capital externo como Madrid e Catalunha sobre todo. Cumpre destacar as fortes achegas de capital procedente dos grandes países da UE onde é preciso incluir a Portugal. Em sentido contrário, é preciso sublinhar o interesse do

investimento galego por Portugal. São conhecidas as destacadas posições no país vizinho da família Freire Arteta (Megasa, Bipadosa, Siderurgia Nacional, em Maia) e de Abanca, que acaba de ampliar a sua rede bancária em Portugal com a recente aquisição da filial portu-

guesa de Deutsche Bank e da filial espanhola da Caixa Geral de depósitos que somam em conjunto 151 sucursais e 13.487 milhões à cifra de negócios de Abanca, além do negócio do vinho herdado de Caixanova pelo banco (Sogevinus: Porto Cálem).

Rubén C. Lois González

A unión xeográfica internacional desde Galicia

Por unha desas coincidencias favorables que acontecen poucas veces, na primavera última saín elixido Vicepresidente da Unión Xeográfica Internacional, a organización mundial que regula o coñecemento xeográfico, e que participa en moitos paneis que teñen que ver co estado do planeta (desde o de cambio climático até o da preservación dos océanos pasando pola nova xeración de datos e tecnoloxías de contido espacial). A UXI xorde dos primeiros congresos internacionais de xeografía, como o celebrado en Amberes en 1871. A súa fundación materializouse en Bruxelas en 1922. Hoxendía agrupa a preto de 120 nacións do mesmo, cos seus respectivos Comités, maioritariamente formados por académicos. Colabora coa UNESCO e as Nacións Unidas en bastantes programas. Mostrou unha especial sensibilidade por desenvolver os obxectivos do milenio das Nacións Unidas, por promover a boa transmisión dos saberes xeográficos aos decisores públicos e, noutra orde de cousas, por manter a reivindicación dunha ciencia xeográfica forte nos comités internacionais das Ciencias que proliferaron nos últimos anos.

Como en todas as organizacións internacionais, o seu Comité Executivo é un espello da racionalidade xeopolítica do mundo actual. Se a mediados do século XX, a UXI era un club hexemonizado polos europeos, xunto a representantes de Estados Unidos e doutros países novos de cultura anglosaxona, neste segundo decenio do século XXI as cousas mudaron moito. O presidente é un xaponés, axudado por un indio da Universidade de Delhi como Secretario Xeral e

un Secretario Xeral adxunto de Sudáfrica, da Cidade do Cabo. Hai un chinés, un canadano francófono e o resto somos europeos. Pero no senso xeográfico de Europa, non nos confundamos coa suposta Europa política reducida á UE, un prestixioso xeopolítico ruso, un turco (compre lembrar que as dúas cidades máis grades do noso continente na actualidade son Moscú e Estambul), unha holandesa, unha italiana, unha francesa e eu. Os emerxentes entraron nos ámbitos de decisión mundial, e non van partir no futuro. Os BRICS e as grandes nacións euroasiáticas son claves na realidade que está comezando a xurdir. Occidente mantén bastante influencia cultural e no pensamento, pero xa non é o centro de nada, aínda que os occidentais nos autoenganemos. Outro dato importante nesta distribución xeográfica do poder: todos os membros da dirección da UXI pertencen a grandes institucións ou universidades a nivel mundial (academias das ciencias rusa e chinesa, universidades de Delhi, Estambul, Amsterdam, Milán, París VIII, etc.), agás o quebecois e eu mesmo. Cabe preguntarse, só os pequenos países identitarios poden construír unha participación singularizada en grandes foros internacionais, gobernados sempre polas nacións e as estruturas máis poderosas?

Esta pregunta que realizamos non é accidental, xa que no Estado Español a presenza histórica gravitou moito cara a Cataluña e os/as seus/súas profesionais. Así, aínda que nunha primeira etapa foi o Goberno de España quen oficialmente, e mediante un decreto asinado por Alfonso XIII participou na UXI, encargando

ao Ministerio de Fomento e ao seu Instituto Geográfico Nacional a representación, moi cedo os cataláns do Grup Excursioniste e logo da Societat Catalana de Geografia, estiveron presentes en todos os eventos organizados pola UXI. Nos primeiros anos, o Xeneral Severo Gómez por decisión do goberno foi Vicepresidente da UXI, e a representación oficial con diplomáticos, militares e académicos asistiu aos congresos organizados. Aquí os cataláns xa foron asumindo algúns labores de investigación, como os cuestionarios do hábitat acordados no Congreso de El Cairo e dos que, por un medio aínda non ben coñecido, Otero Pedrayo chegou a contactar co grande xeógrafo francés J. Demangeon e coa UXI, para mellorar os seus escritos sobre as parroquias, a paisaxe rural e a organización tradicional do territorio en Galicia. Desde 1945, a UXI pasa a ser unha organización maioritariamente académica e a Xeografía española, isolada como o réxime de Franco, pouco participará nos eventos internacionais, agás algúns esforzos dos seus máis prominentes catedráticos. Entre os mesmos, os cataláns ben conectados coa Escola Francesa de Xeografía. Unha participación que xustificou que e 1980 e ate 1988, o profesor da Universitat de Barcelona, Joan Vilà i Valentí, fose tamén Vicepresidente da UXI. Da súa man, a seguinte xeración de influíntes catedráticas mulleres e catalanas, como Roser Majoral, Maria Sala ou Maria Dolors Garcia Ramón, manterá unha presenza e actividade notable na UXI. Da man delas outros profesionais das universidades Autónoma de Madrid e, por suposto, de Santiago de Compostela integrámonos no quefacer da organización.

Semella que sempre o Estado Español se internacionaliza mellor polos bordes, polas supostas periferias. Isto tamén comeza a ser sintomático do prestixio as universidades e centros

de investigación en Ciencias Sociais, onde a primacía das institucións barcelonesas, xunto co enorme impulso do I+D vasco, complétase con universidades e investigadores moi destacados de Valencia, Sevilla ou Santiago de Compostela, entre outros. Se retornamos á UXI, cal é a nosa función pautada a través de tres reunións anuais ao longo do mundo? Por una banda, organizar grandes congresos xerais e conferencias rexionais globais. O próximo en Estambul, onde agardamos convocar a máis de 3.000 colegas. Logo estar presentes en organismos, onde a nosa voz se debe escoitar, a Comisión Internacional das Ciencias, impulsada pola UNESCO, as organizacións mundiais de xestión e uniformización de datos xeoespaciais e algunhas outras vinculadas á ONU. Xunto ás numerosas publicacións e eventos que se realizan, a miña presenza estase concretando nunha asunción de responsabilidades moi forte en países de expresión española e portuguesa. Cumpre integrar mellor, escoitar as voces da potente xeografía latinoamericana, en particular brasileira, e integrar aos emerxentes países lusófonos da África. Neste caso, si estamos no medio do mudo. Mirando cara ao Atlántico podemos favorecer unha participación democrática, e non postcolonial, do mundo lingüístico hispano-portugués, cos que partillamos a dupla identidade. Isto ademais terá dúas consecuencias importantes para rematar. Por unha banda, situar ás universidades galegas ou da fronte atlántica ibérica como referentes académicos dun mundo emerxente que progresa no alén mar oceánico. Por outra, favorecer unha pluralidade maior das organizacións internacionais, necesitadas de autonomía diante do eurocentrismo e da visión occidental das cousas, e construír unha ciencia xeográfica diversa, onde os emerxentes manteñan o protagonismo que se merecen.

Daniel González Palau

As BAEX e a Casa da Lusofonía

O IGADI tivo e ten coma misión fundacional constituínte desde 1991 a de promover a presenza de Galicia na sociedade internacional, comprendendo o mundo desde aquí, creando unha axenda e pensamento propio en relación co global. O obxectivo operativo desta misión foi o de maximizar as nosas oportunidades no mundo que nacía co fin da Guerra Fría e que cristalizou nesa referencial epocal ao S.XXI que é a -globalización.

Desde esa tarefa o IGADI acompañou nos seus vinte oito anos de historia a formación institucional da acción exterior da Autonomía, xogando sempre un rol de animador, achegando sempre unha visión estratéxica autocentrada e ferramentas e instrumentos para converter as diagnoses en plans de acción reais.

Nese marco de *think tank e lobby* para unha acción exterior galega de seu, queremos deixar constancia de dúas liñas de traballo particulares durante o 2018 (dentro das moitas que nos ocuparon) que están relacionadas con este informe: co primeiro aniversario da EGAEX e co quinto cumpreanos da Lei Paz Andrade.

As BAEX

A relación internacional das cidades medrou en todo o mundo exponencialmente nas últimas décadas, ao calor das dinámicas que impulsa a globalización. Desde aqueles primeiros departamentos de turismo, aqueles irmandamentos con Concellos doutros países e as primeiras accións de cooperación internacional dos anos 80 e 90, pasouse a fortes estruturas relacionadas coa captación de investimentos, participación en redes internacionais de cidades, participación en

accións de promoción internacional, económica e cultural, programas de apoio á aprendizaxe de linguas e intercambios...

As cidades galegas non están ausentes dese proceso e desas dinámicas de inflación das relacións co internacional, especificamente desde a entrada de Galicia na Unión Europea. Sen embargo, o proceso evolucionou sen control, sempre desde accións puntuais, ailladas unhas doutras, e non desde procesos coordinados e coherentes coa imaxe e potencialidade global do territorio en cada cidade.

No contexto da EGAEX, que recoñece a administración local galega e especialmente as cidades como suxeitos da acción exterior galega, ordenar a acción exterior das cidades e poñelas en coordinación coa Xunta de Galicia, pareceunos oportuno e necesario. Así as cousas, durante o 2017 e o 2018 traballamos co Concello da Coruña na elaboración do estudo –Bases de Acción Exterior, que pasamos a bautizar como BAEX A Coruña. A experiencia do proceso resultou moi satisfactoria, xa que finalmente o pasado 11 de marzo de 2019 o Pleno da corporación aprobou por unanimidade de todos os grupos a Declaración institucional “A Coruña no mundo global do S.XXI” fundamentada no noso estudo de BAEX. Máis alá da retórica, a Declaración implica a asunción dunha imprescindible acción exterior ordenada, coordinada e coherente, diante da inflación de actividades que ocupan ao Concello en relación co internacional nas últimas décadas. Ordenar esta acción exterior semella máis pertinente e urxente ás portas da grande operación do Xacobeo 2021.

As BAEX que ademais da Coruña tamén comezamos a elaborar en 2018 para os Concellos

de Pontevedra e Santiago de Compostela, iniciando o proceso tamen no de Lugo, diagnostican dunha banda os irmandamentos, a participación nas redes de cidades e os mecanismos básicos do Protocolo municipal, mais tamén as actividades e os programas dentro dos Concellos que os unen ao internacional, do turismo á cooperación internacional ou á promoción económica e cultural... Mais doutra banda, tamén identifican aos actores do territorio relevantes na internacionalización da cidade (non sempre municipal, se non metropolitano ou comarcal) e as súas principais liñas de traballo nesa dirección: desde a Universidade, as asociacións de empresarios, as Cámaras de Comercio, os emprendedores, as entidades de apoio aos Dereitos Humanos e cooperación internacional...

En fin, as BAEX procuran identificar que é o que acontece na relación do territorio co internacional e ao tempo definen unhas liñas básicas de actuación, realistas e austeras, para pensar e actuar nunha chave coral de cidade para o mundo global. Non se trata de facer máis ou de gastar máis, o primeiro que cumpre facer é darlle sentido ao conxunto de accións e programas que xa funcionan desde hai anos e que non acostuman conxugarse de maneira coordinada. Non por imaxe, estética e marca, que tamén, se non co firme propósito de retornos reais para a sociedade, maximizando oportunidades e capacitándose para o mundo actual en chave coa Axenda 2030.

A Casa da Lusofonía

Un dos eixos onde a EGAEX incide de maneira reiterada é nas inmensas posibilidades da Lei Paz Andrade (2014) achegándolle un grande potencial estratéxico e recoñecendo todo o seu valor para a promoción das nosas relacións internacionais, xa ben con Portugal e a construción da Eurorexión, mais tamén no Brasil, Mozambique, Angola, Cabo Verde, Bissau, Timor, Sao Tomé e Príncipe, e demais territorios de lingua portuguesa, coma Macau na China ou Goa na India...

A Lei Paz Andrade que este ano 2019 celebra o seu quinto aniversario pásalle como a EGAEX, é un estupendo marco para pensar e facer (máis alá doutras limitacións que non ocupan esta columna), mais a falta de Plans de Acción que poñan a funcionar o papel, desaproveitan a súa potencialidade e imposibilitan oportunidades reais.

Así as cousas en agosto de 2018 Xulio Ríos escribiu o artigo *–Casa da Lusofonía* no xornal dixital Praza.gal, onde chamaba a atención sobre a ausencia de España como país asociado dentro da Comunidade de Países de Lingua Oficial Portuguesa (CPLP), ao tempo que chamaba a mobilizarse por unha *–Casa da Lusofonía* en Galicia, dentro da estratexia de diplomacia pública da Rede de Casas do Ministerio de Exteriores español.

Así as cousas en agosto de 2018 Xulio Ríos escribiu o artigo *–Casa da Lusofonía* no xornal dixital Praza.gal, onde chamaba a atención sobre a ausencia de España como país asociado dentro da Comunidade de Países de Lingua Oficial Portuguesa (CPLP), ao tempo que chamaba a mobilizarse por unha *–Casa da Lusofonía* en Galicia, dentro da estratexia de diplomacia pública da Rede de Casas do Ministerio de Exteriores español.

Citamos ao XR (...) *Casa de América (Madrid), Casa Asia (Barcelona e Madrid), Casa África (Las Palmas), Casa Árabe (Madrid e Córdoba), Casa Mediterráneo (Alicante), Centro Sefarad-Israel (Madrid)...* Non falta algo? O Ministerio de Asuntos Exteriores y Cooperación leva anos promovendo esta figura das casas para estimular as relacións de España con determinados ámbitos, como unha ponte con diversos mundos de especial interese. Nada dese esquema pendura en Galicia (...) Se un entra na web oficial da CPLP pode comprobar con relativa sorpresa que entre os observadores asociados non figura España. Está, que sei eu, Xapón, Xeorxia, Hungría, Arxentina, Italia, Francia... Iso a pesar dos vínculos existentes entre a lingua portuguesa e Galicia, un territorio que hoxe é parte de España, unha das súas nacionalidades históricas. Isto tráeme

á lembranza como a China, de 1999 en diante, converteu a Macau na punta de lanza da súa estratexia cos países da CPLP (...)

Meses despois da publicación do artigo e tras a difusión do mesmo nas redes sociais, o Concello de Santiago de Compostela realizaba unha Declaración Institucional unánime o 18 de outubro de 2018 solicitando ao Ministerio de Exteriores a implicación para o impulso dunha

Casa da Lusofonía en Compostela. Que nós teñamos constancia, tanto o PSOE coma En Marea, realizaron en Madrid e en Galicia distintas xestións para promocionar a idea, mais sen ningún resultado aparente no inmediato.

Será un tema no que a Xunta ten unha estupenda oportunidade para facer unha reflexión pedagóxica e práctica ao Estado, poñendo o perfil internacional de Galicia en valor.

As autorías

(pola orde dos artigos)

Xosé Carlos Morell

Foi o Porta-voz parlamentar da ILP Paz Andrade.

Dirixe a corporación sino-europeia 聖地牙哥 (Shéngdi-Yagé). Faz parte de padroados e consellos de administración na Galiza.



Jesús Gamallo Aller

Director Xeral de Relacións Exteriores e coa UE da Xunta de Galicia,.



Valentín García Gómez

Secretario xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia.



Carla Sofia Amado

Responsable polo Centro Cultural Portugués do Camões, I.P. – Vigo, Lectora do Camões, I.P. xunto da Universidade de Santiago de Compostela.




Antonio Fontenla Ramil

Representante da Xunta de Vicepresidentes da Confederación de Empresarios de Galicia.



Xesús Ramón González Boán

Profesor no ensino público. Foi responsábel das relacións internacionais na INTG e, posteriormente, na CIG.



María Seoane Dovigo


Licenciada en Filoloxía Hispánica pola Universidade da Corunha, profesora do Ensino Secundario en Portugal, académica da AGLP, membro da dirección da UMAR e poeta.

**Emilia García López**

Técnica de Acción Exterior do Consello da Cultura Galicia.

**Xosé Lago García**

Director da Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia – Norte de Portugal (GNP, AECT).

**Joam Lopes Facal**

Doutor en Ciencias Económicas pola Facultade de Ciencias Económicas da USC. Actualmente é Presidente da Associação de Estudos Galegos (AEG).

**Rubén C. Lois González**

Universidade de Santiago de Compostela, Director do Grupo de investigación ANTE. Actualmente é Vicepresidente da Unión Internacional de Xeógrafos.

**Daniel González Palau**

Director do IGADI.



WE
in the **WORLD** 2019

NÓS NO MUNDO *INFORME ANUAL*
SOBRE A ACCIÓN EXTERIOR
DE GALICIA

INSTITUTO
GALEGO
DE ANÁLISE
E DOCUMENTACIÓN
INTERNACIONAL



I
GA
DI